

PARTE COMÚN

PREGUNTAS

da 1 á 30

20 de xuño de 2019

1.- A aceptación de informes ou dictames servirá de motivación á resolución cando:

- a) Se incorporen ao texto da mesma.
- b) Se faga referencia a eles na resolución.
- c) Decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto.
- d) Nos procedementos iniciados a instancia de parte, se a resolución é favorable ao solicitante

2.- Nos casos en que proceda a comparecencia das persoas nas oficinas públicas, a Lei 39/2015 prevé que na citación farase constar expresamente:

- a) O lugar, data, hora, os medios disponibles e obxecto da comparecencia, así como os efectos de non atendela.
- b) Só o lugar, data, hora e obxecto da comparecencia,
- c) Unicamente o lugar, data, hora e obxecto da comparecencia, así como os efectos de non atenderla.
- d) O lugar, data, hora e obxecto da comparecencia, así como a posibilidade de obter certificación acreditativa cando así se solicite.

3.- Segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, toda notificación debe ser cursada dentro do prazo:

- a) Dun mes desde que se ditou o acto.
- b) De dez días a partir da data na que se houbera ditado o acto.
- c) De quince días naturais contados a partir do día do seu rexistro de saída.
- d) De oito días a partir da data na que se houbera ditado o acto.

4.- A teor do previsto no artigo 43 da Lei 39/2015 ¿cando se entende practicada unha notificación dun acto administrativo por medios electrónicos?

- a) Cando se reciba no correo electrónico do interesado.
- b) Cando se produza o acceso ao seu contido.
- c) Cando se curse desde as aplicacións informáticas do Ayuntamiento.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta,

5.- Segundo dispón o artigo 21 da Lei 39/2015, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado na norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de:

- a) Tres meses.
- b) Un ano
- c) En ningún caso, pode ser superior a seis meses.
- d) Non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

6.- Segundo a Lei 39/2015, se un informe deberá ser emitido por unha Administración distinta da que tramita o procedemento en orde a expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorrera o prazo sen que aquel fora emitido

- a) Poderán proseguirse as actuacións.
- b) Fixarase un novo prazo para emitir o informe.
- c) Paralizarase o expediente e indicarselle ao interesado a posibilidade de reclamar unha indemnización.
- d) Comunicáráselle a situación ao superior xerárquico do órgano que tiña que emitir o informe.

7.- A Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública:

- a) É aplicable desde a súa entrada en vigor, íntegramente.
- b) Aplicarase nos ternos en que se efectúe a súa transposición al ordenamiento jurídico español.
- c) Desde a data en que debía facerse a súa transposición (18 de abril de 2016) son aplicables directamente determinados preceptos.
- d) Desde a data en que debía facerse a súa transposición (18 de abril de 2016) é aplicable íntegramente.

8- A relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, según laLey de Expropiación Forzosa, deberá realizarse:

- a) Sempre, pola Administración expropriante.
- b) Pola Administración expropriante ou polo beneficiario da expropiación.
- c) Polo órgano competente para adoptar o acordo de expropiación.
- d) Polo redactor do proxecto

9.- A Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa dispón que, logo de que sexa firme unha sentenza, esta se comunicará ao órgano que ditara a resolución recorrida para que a leve a puro e debido efecto. ¿En que prazo as partes no proceso poden instar ao tribunal para que, por parte da Administración, se cumpla aquela?

- a) Un mes.
- b) Dous meses,
- c) Un ano.
- d) Seis meses

10.- Segundo a Lei 33/2003, ¿con qué carácter se entenden adquiridos os bens e dereitos da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos Públicos, salvo disposición legal en contrario?

- a) Como bens de dominio público.
- b) Como bens patrimoniais.
- c) Segundo a natureza do ben, en cada caso.
- d) Necesitan dun acto de calificación expreso atribuíndolles ese carácter.

11.- O recurso extraordinario de revisión interporase, cando ao ditar un acto se incorrera nun erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, no prazo de:

- a) Un mes seguinte á data da notificación da resolución impugnada.
- b) Dous meses seguintes á data da notificación da resolución impugnada.
- c) Tres meses seguintes á data da notificación da resolución impugnada.
- d) Catro anos seguintes á data da notificación da resolución impugnada.

12.- Os municipios resultantes da fusión de varios municipios colindantes dentro da mesma provincia non poderán segregarse ata transcorridos:

- a) Catro anos desde a adopción do convenio de fusión.
- b) Cinco anos desde a adopción do convenio de fusión.
- c) Dez anos desde a adopción do convenio de fusión.
- d) Quince anos desde a adopción do convenio de fusión.

13.- O uso ou aproveitamento especial dos bens de dominio público conforme á Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas:

- a) Está suxeito, en todo caso, a autorización.
- b) Requiere concesión administrativa.
- c) Está suxeito a autorización ou a concesión, segundo os casos.
- d) No requiere nin autorización nin concesión cando non impida o uso polos demais interesados.

14.- ¿Cál das seguintes afirmacións non é certa, referida ao municipio resultante dun procedemento de fusión de municipios?:

- a) Queda dispensado de prestar novos servizos mínimos dos previstos no artigo 26 que lle correspondan por razón do seu aumento poboacional.
- b) Durante os cinco primeiros anos desde a adopción do convenio de fusión, terá preferencia na asignación de plans de cooperación local.
- c) O esforzo fiscal e o inverso da capacidade tributaria que lle corresponda en ningún caso poderá ser inferior ao más elevado dos valores previos que tiveran cada municipio por separado antes da fusión
- d) A súa financiación mínima será a suma das financiacións medias que tivera cada municipio por separado antes da fusión.

15.- Segundo a Lei de Administración Local de Galicia, a alteración dun termo municipal se resolverá:

- a) Por Decreto da Presidencia da Comunidade Autónoma.
- b) Por acordo do Parlamento Autonómico por maioría simple.
- c) Por orde da Consellería competente en materia de réximen local.
- d) Por Decreto do Consello da Xunta de Galicia.

16.- Os concelleiros non adscritos

- a) Son aquelles que pasan a integrar o grupo mixto ao ser expulsados do seu grupo municipal
- b) Teñen dereito a asistir ás comisións informativas, con voz pero sen voto
- c) Son aqueles que non se constituiron en grupo municipal no prazo de cinco días hábiles seguintes á constitución da corporación
- d) Son aqueles que abandonaron ou foron expulsados da formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións

17.- Sinale a afirmación correcta respecto dos dictames das comisións informativas.

- a) Os dictames das comisións informativas son preceptivos e vinculantes.
- b) Os dictames son aprobados por maioría simple excepto nos casos que se refiran a materias que requieren maioría absoluta.
- c) Nos casos en que a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da comisión informativa correspondente.
- d) Son nulos, en todo caso, aqueles acordos que se adopten sen que foran previamente informados ou dictaminados pola comisión informativa correspondente.

18.- ¿Cál das seguintes atribucións correspondelle ao Alcalde de acordo co artigo 21 da LRBRL?:

- a) A iniciativa para proponer ao Pleno a declaración de lesividade en materias da competencia da Alcaldía.
- b) O control e a fiscalización dos órganos de governo.
- c) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público.
- d) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

19.- ¿Cál das seguintes non forma parte das competencias propias dos municipios establecidas no artigo 25 da Lei 7/1985 reguladora das bases de Régimen Local?

- a) Promoción do deporte.
- b) Abastos
- c) Protección do medio natural.
- d) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadás no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións.

20.- Segundo o artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985 (LOREG), respecto á elección do Alcalde:

- a) Só poden ser candidatos os concelleiros que encabecen as listas más votadas.
- b) Se algúñ deles obtén a maioría simple dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.
- c) Se ningún deles obtén maioría absoluta é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.
- d) Ningunha das respuestas anteriores é correcta

21.- A característica esencial do procedemento expropiatorio de urxencia é que:

- a) Os prazos redúcense á metade.
- b) Non cabe posterior dereito de reversión.
- c) O prezo xusto fíxase directamente polo Xurado de Expropiación de Galicia ou o Xurado Provincial de Expropiación.
- d) A ocupación dos bens precede á fixación e pagamento do prezo custo.

22.- O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, se non houbera acordo resolutorio expreso do de reposición, é a contar desde a data da interposición , de:

- a) Un ano
- b) Seis meses.
- c) Un mes,
- d) Dous meses.

23.- Segundo a Lei 9/2017, de contratos do sector público, se consideran contratos menores;

- a) Os contratos de valor estimado inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras; a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou servizos.
- b) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contrato deobras, a 15.000 euros , cando se trate de contratos de subministros ou de servizos.
- c) Os contratos que teñan por obxecto obras de conservación necesarias para enmendar o menoscabo producido no tempo polo natural uso do ben e sen que afecten á súa estrutura,
- d)Aqueles para cuxo obxecto non se requira a acreditación da clasificación empresarial por parte do contratista.

24.- No suposto de producirse un empate nunha votación nun Pleno

- a) Se deberá efectuar unha segunda votación e se persiste o empate decidirá o voto de calidade do Alcalde.
- b) Decidirá o voto de calidade do Alcalde sen necesidade de nova votación.
- c) Entenderase aprobado o acordo se o Alcalde vota a favor porque o seu voto vale dobre.
- d) Non se aprobará o acordo.

25.- ¿A qué Subescala pertencen os postos de traballo que requiren de aptitudes específicas e para os que non se exixe a posesión dun título académico ou profesional determinado?

- a) Servicios Especiais.
- b) Cometidos Especiais.
- c) Subalterna.
- d) Agrupación Profesional.

26.- Cando un funcionario de administración local está en comisión de servizos, ¿en qué situación administrativa se atopa?:

- a) Servizos especiais
- b) Servizo activo
- c) Excedencia
- d) Ningunha é correcta

27 Cal dos seguintes non é un dereito dos veciños, nos termos previstos no artigo 18 da Lei 7/1985

- a) Ser elector e elexible de acordo co disposto na lexislación electoral.
- b) Pedir a consulta popular nos termos previstos na lei.
- c) Exixir a prestación e, se é o caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de non constituir unha competencia municipal propia.
- d) Exercer a iniciativa popular nos termos previstos na lei.

28.-O artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción Contencioso-administrativa dispón que o coñecemento dos recursos que se deduzan en relación coas disposicións xerais emanadas das Comunidades Autónomas e das Entidades locais, é competencia de:

- a) Xulgados Centrais do Contencioso-administrativo.
- b) Xulgados do Contencioso-administrativo.
- c) Salas do Contencioso-administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza.
- d) Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.

29.- Ao abeiro do disposto no artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, a moción de censura....sinale a resposta incorrecta.

- a). Deberá ser proposta, a lo menos, pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e haberá de incluír un candidato á Alcaldía.
- b) No caso de que algún dos propoñentes da moción de censura formara parte do grupo político municipal o que pertence o Alcalde cuxa censura se propón, a maioría esixida verase incrementada no mesmo número de concelleiros que se encontren en tales circunstancias.
- c) Ningún concelleiro pode asinar durante o seu mandato máis dunha moción de censura.
- d) Verá suspendida a súa tramitación e votación coa dimisión sobrevida do Alcalde

30.- Os contratos menores que regula o artigo 118 da Lei 9/2017:

- a) Poderán prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrencia para a súa adxudicación se realizara tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.
- b) Non poderán ser obxecto de prórroga.
- c) Poderán ter unha duración superior a un ano
- d) Non poderán ter unha duración superior a un ano, pero podrán prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables.

20 de xuño de 2019

PREGUNTAS DE RESERVA

PARTE COMÚN:

PREGUNTAS

de la 31 a la 33

20 de xuño de 2019

PREGUNTAS DE RESERVA DE LA PARTE COMÚN

31.- Segundo o artigo 1.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, tal norma ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, a selección da:

- a) A oferta de menor prezo.
- b) A oferta economicamente más vantaxosa.
- c) A oferta que propoña a execución do contrato nun prazo menor.
- d) A oferta que inclúa maior importe en canto a melloras.

32.- A teor do previsto no artigo 37 da Lei 30/2007, as entidades do sector público

- a) Nunca poderán contratar verbalmente.
- b) Non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia.
- c) Poderán contratar verbalmente cando se trate de contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.
- d) Poderán contratar verbalmente cando o contrato a realizar sexa un contrato menor.

33.- A teor do previsto no artigo 242 da Lei 9/2017, cando unha modificación do contrato de obras prevexa unidades de obra que deban quedar posterior e definitivamente ocultas:

- a) O importe destas non poderá superar o 5 por cento do orzamento primitivo do contrato.
- b) Antes de efectuar a súa medición parcial deberáselle comunicar á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días para que, se o considera oportuno, poida acudir ao dito acto nas súas funcións de comprobación material do investimento,
- c) Deberá emitirse informe polo Director das obras e remitirse á Mesa de contratación, para que autorice que sexan enterradas e ocultadas, cunha antelación mínima de cinco días.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

20 de xuño de 2019

**SUBESCALA
DE
SECRETARÍA-
INTERVENCIÓN**

PREGUNTAS

da 34 á 63

20 de xuño de 2019

34.- Segundo o artigo 78 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro,do solo de Galicia, o procedemento de aprobación dun expediente de delimitación do solo de núcleo rural nun Concello de menos de 5000 habitantes (de forma esquemática) é o seguinte:

- a) Inicio por Alcaldía, elaboración do Proxecto de Delimitación do solo de núcleo rural, información pública mínimo dous meses, anuncio DOG e 2 diarios de maior difusión. Notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, aprobación provisional en Pleno, (no seu caso, avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada. Remisión do Expediente a Urbanismo para a súa aprobación definitiva polo órgano competente no prazo de 3 meses (contar recepción expediente completo).
- b) Inicio por Alcaldía, elaboración do Proxecto de Delimitación do solo de núcleo rural, información pública mínimo dous meses, anuncio DOG ou 2 diarios de maior difusión. Notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, aprobación provisional en Pleno, (no seu caso, avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada. Remisión do Expediente a Urbanismo para a súa aprobación definitiva polo órgano competente no prazo de 3 meses (contar recepción expediente completo).
- c) Inicio por Alcaldía, elaboración do Proxecto de Delimitación do solo de núcleo rural, información pública mínimo dous meses, anuncio DOG e 2 diarios de maior difusión. Notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, aprobación provisional en Pleno, (no seu caso, avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada. Remisión do Expediente a Urbanismo para a súa aprobación definitiva polo órgano competente no prazo de 3 meses (contar recepción expediente completo). Aprobación definitiva Pleno
- d) Inicio por Alcaldía, elaboración do Proxecto de Delimitación do solo de núcleo rural, información pública mínimo dous meses, anuncio DOG e 2 diarios de maior difusión. Notificación individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, aprobación provisional en Pleno, (no seu caso, avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada. Remisión do Expediente a Urbanismo para a súa aprobación definitiva polo órgano competente no prazo de 6 meses (contarrecepción expediente completo).

35.- A teor do previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro,do solo de Galicia, os instrumentos de plan urbanístico para a súa plena eficacia e executividade do acto de aprobación definitiva como disposición de carácter xeral requírese:

- a) En primeiro lugar, publicar o acto de aprobación definitiva no prazo dun mes desde a súa adopción no DOG; en segundo lugar a inscrpción do instrumento no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia e en BOP o documento que conteña a normativa e as ordenanzas.
- b) En primeiro lugar, a inscrpción do instrumento de plan no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia e en segundo lugar, a publicación da normativa no Boletín Oficial Correspondente.
- c) A publicación no Boletín Oficial da Provincia, no DOG, no, BOE na páxina web do concello por lei de transparencia.
- d) A publicación no BOP e na páxina web do Concello.

36.- Segundo o artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro,do solo de Galicia, realizadas obras sen título habilitante o ano pasado, o Alcalde inicia un expediente de reposición da legalidade urbanística comunicándoo ao interesado. Este solicita devolución do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e a taxa correspondente.

- a) Non procede a devolución da taxa correspondente pero se do Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- b) Non procede a devolución do Imposto sobre construcións, instalacións e obras pero se da taxa correspondente.
- c) Procede a devolución do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da taxa correspondente.
- d) Non procede devolución nin do Imposto sobre construcións, instalacións e obras nin da taxa correspondente.

37. Segundo o artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en atención á concorrencia de razóns de orde pública, seguridade pública, saúde pública e protección do medio ambiente, a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público.

- a) Requiere licenza municipal ou autorización autonómica. e pago do imposto por ocupación vía pública.
- b) Requiere comunicación previa
- c) Requiere declaración responsable
- d) Requiere licenza municipal e autorización autonómica

38. Segundo o artigos 16 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro,do solo de Galicia, malla urbana para os efectos da lei

- a) Os terreos que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías de acceso e comunicación e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos, e que estes, pola súa situación, non estean desligados do armazón urbanístico xa existente.
- b) Os terreos que dispoñan de redes de comunicación e unhas redes de servizos áinda que non sexan básicas e que estes, pola súa situación, non estean desligados do armazón urbanístico xa existente.
- c) Os terreos que contan cunha urbanización áinda que estes, pola súa situación, estean desligados do armazón urbanístico xa existente.
- d) Ningunha é correcta.

39.- Segundo o artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os nomeamentos de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas non poden superar en ningún caso

- a) O tres por cento do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o vinte por cento do persoal funcionario da Administración de que se trate.
- b) O vinte por cento do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o tres por cento do persoal funcionario da Administración de que se trate.
- c) O dez por cento do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o tres por cento do persoal funcionario da Administración de que se trate.
- d) O tres por cento do total do persoal funcionario do centro directivo, nin o dez por cento do persoal funcionario da Administración de que se trate.

40.- Segundo o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, se as prazas reservadas para a quenda de persoas con discapacidade e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non alcanzasen a porcentaxe do tres por cento das prazas convocadas na correspondente oferta de emprego público, as prazas non cubertas do número total das reservadas

- a) Acumularanse á porcentaxe do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do dez por cento.
- b) Acumularanse á porcentaxe do sete por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do doce por cento.
- c) Acumularanse á porcentaxe do tres por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do doce por cento.
- d) Acumularanse á porcentaxe do tres por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do dez por cento.

41.- Segundo o artigo 90 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, no suposto do persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar nos concursos ordinarios, en todo caso,

- a) Unha antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.
- b) Unha antigüidade mínima de tres anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.
- c) Unha antigüidade mínima de cinco anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira.
- d) Non existe este requisito de antigüidade para participar nos concursos ordinarios.

42.- Segundo o artigo 173 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira pode obter a excedencia por interese particular cando prestase servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de

- a) 3 anos inmediatamente anteriores á solicitude.
- b) 2 anos inmediatamente anteriores á solicitude.
- c) 5 anos inmediatamente anteriores á solicitude.
- d) Non é necesario un período mínimo de prestación de servizos.

43.- Segundo o artigo 5 do Real Decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, de adaptación da lexislación de Prevención de Riscos Laborais á Administración Xeral do Estado, o crédito horario utilizado polos Delegados ou Delegadas de Prevención para o desempeño das devanditas competencias e facultades será

- a) O que lles corresponda pola súa condición de delegado de prevención, á parte daquel que lle corresponda pola súa condición previa de membro da Xunta de Persoal, de Comités de empresa ou de delegados ou delegadas de persoal ou, no seu caso, de delegados ou delegadas sindicais.
- b) O que lles corresponda pola súa condición de delegado de prevención, máis aquel crédito horario que lle corresponda pola súa condición previa de membro da Xunta de Persoal, de Comités de empresa ou de delegados ou delegadas de persoal ou, no seu caso, de delegados ou delegadas sindicais.
- c) O que lles corresponda pola súa condición previa de membros de Xuntas de persoal, de Comités de empresa ou de delegados ou delegadas de persoal ou, no seu caso, de delegados ou delegadas sindicais, sen que existan créditos engadidos, propios nin adicionais, pola súa condición específica de Delegados ou Delegadas de Prevención.
- d) O que lle corresponda pola cota de representación no Comité de Seguridade e Saúde.

44.- Segundo o artigo 21 da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita:

- a)No ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.
- b) Nos tres anos seguintes o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.
- c) No ano en curso o cumprimento dos obxectivos.
- d) Nos anos que resten da lexislatura o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

45.- Segundo o artigo 93 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta incorrecta:

- a) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola están exentos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- b) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ao traslado de feridos ou enfermos están exentos do Imposto sobre Vehículo de Tracción Mecánica
- c) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos están exentos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- d) Os vehículos oficiais do Estado adscritos á defensa nacional están exentos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

46.- O Texto Refundido da LRHL establece taxativamente os motivos polos que poderán establecerse reclamacións contra o Orzamento Xeral dunha Entidade Local. Entre os devanditos motivos non se atopa:

- a) Por non axustarse a súa elaboración aos trámites legais.
- b) Por non atender obrigacións esixibles á Entidade Local.
- c) Por non axustarse a súa aprobación aos trámites legais.
- d) Por considerar que os créditos previstos no Estado de ingresos non serán suficientes para alcanzar un determinado nivel de calidade en certos servizos

47- Ao Orzamento formado dunha Entidade Local, debe unirse unha serie de documentación entre a que non se atopa:

- a) Anexo dos Investimentos para realizar durante o exercicio.
- b) Liquidación do Orzamento do exercicio anterior.
- c) Avance da liquidación do Orzamento corrente, referida, polo menos, a seis meses do mesmo.
- d) Anexo do persoal das sociedades mercantís dependentes da Entidade Local.

48.- Pode modificarse ou sistema de actuación segundo ou previsto non artigo 112 dá Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do só de Galicia?

- a) A modificación do sistema de actuación poderá ser aprobada polo municipio sempre de oficio.
- b) A modificación do sistema de actuación podrá ser aprobada polo municipio, de oficio ou por instancia dous particulares interesados, logo dá información pública por prazo dun mes mediante anuncio que se publicará non Boletín Oficial dá provincia e con notificación individualizada aos propietarios afectados.
- c) A modificación do sistema de actuación podrá ser aprobada polo municipio, de oficio ou por instancia dous particulares interesados, logo dá información pública por prazo dun mes mediante anuncio que se publicará non Diario Oficial dá Galicia e con notificación individualizada aos propietarios afectados.
- d) A modificación do sistema de actuación podrá ser aprobada polo municipio, de oficio ou por instancia dous particulares interesados, logo dá información pública por prazo de quince días mediante anuncio que se publicará non Diario Oficial dá Galicia e con notificación individualizada aos propietarios afectados.

49.- Segundo ou previsto non artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora dás facendas locais, a prórroga orzamentaria... sinale a resposta incorrecta.

- a) Prodúcese automaticamente se ao iniciarse ou exercicio económico non entrase en vigor ou orzamento correspondente, cos seus créditos iniciais sen prexuízo dás modificacóns que se realicen conforme aos artigos 177, 178 e 179 desta Lei ata a entrada en vigor do novo orzamento.
- b) Afeta aos créditos para servizos ou programas que deben concluír non exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.
- c) Non afeta aos créditos para servizos ou programas que deben concluír non exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.
- d) Prodúcese automaticamente se ao iniciarse ou exercicio económico non entrase en vigor ou orzamento correspondente.

50.- Ten prioridade absoluta de pago segundo ou artigo 14 do Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Sinale a resposta correcta.

- a) O pago dos intereses e o capital da débeda pública das Administracións Públicas.
- b) O pago dos provedores.
- c) O pago de sentenzas xudiciais.
- d) O pago de nominas.

51.- Os reparos suspenden a tramitación do expediente ata que sexan solventados segundo o disposto no artigo 216 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Sinale a resposta incorrecta.

- a) Nunca
- b) Cando se baseen na insuficiencia de crédito ou proposto non sexa axeitado.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais
- d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, suministracións, adquisicións ou servizos.

52.- Segundo o previsto no artigo 16 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, os contratos fixos-discontinuos ...

- a) Deberán formalizarse necesariamente por escrito no modelo que se estableza e nel deberán figurar unha indicación sobre a duración estimada da actividade, así como sobre a forma e orde de chamamento que estableza o convenio colectivo aplicable, facendo constar igualmente, de maneira orientativa, a xornada laboral estimada e a súa distribución horaria.
- b) Deberán formalizarse necesariamente por escrito no modelo que se estableza e nel deberán figurar unha indicación sobre a duración estimada da actividade, así como sobre a forma e orde de chamamento que estableza o convenio colectivo aplicable, facendo constar igualmente, de maneira exacta, a xornada laboral e a súa distribución horaria.
- c) Deberán formalizarse necesariamente por escrito no modelo que se estableza e nel deberán figurar unha indicación sobre a duración exacta da actividade, así como sobre a forma e orde de chamamento que estableza o convenio colectivo aplicable, facendo constar igualmente, de maneira exacta, a xornada laboral e a súa distribución horaria.
- d) Deberán formalizarse necesariamente por escrito no modelo que se estableza e nel deberán figurar unha indicación sobre a duración exacta da actividade, así como sobre a forma e orde de chamamento que estableza o convenio colectivo aplicable, facendo constar igualmente, de maneira orientativa, a xornada laboral e a súa distribución horaria.

53.- Segundo o artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta incorrecta:

- a) A cota dos turismos e tractores vén determinada por cabalos fiscais. b) A cota dos autobuses vén determinada polo seu número de prazas.
- c) A cota dos camións, remolques, e semirremolques vén determinada pola súa carga útil.
- d) A cota dos ciclomotores e as motocicletas vén determinada polos seus centímetros cúbicos

54.- Segundo o artigo 96 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta incorrecta:

- a) A cota do IVTM se prorrtea por trimestres naturais en caso de transferencia.
- b) A cota do IVTM se prorrtea por trimestres naturais en caso de primeira adquisición.
- c) A cota do IVTM se prorrtea por trimestres naturais en caso de baixa definitiva.
- d) A cota do IVTM se prorrtea por trimestres naturais en caso de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo.

55.- Segundo o artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta incorrecta:

- a) As ordenanzas fiscais poden regular unha bonificación de ata o 50 por 100 en función da clase carburante que consuma o vehículo.
- b) As ordenanzas fiscais poden regular unha bonificación de ata o 75 por 100 en función das características dos motores e a súa incidencia no medio ambiente.
- c) As ordenanzas fiscais poden regular unha bonificación de ata o 100 por 100 para os vehículos históricos.
- d) As ordenanzas fiscais poden regular unha bonificación de ata o 100 por 100 para os vehículos que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos

56.- Segundo o artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta incorrecta:

- a) Os Concellos poden incrementar as cotas fixadas na Lei mediante a aplicación dun coeficiente.
- b) Os Concellos poden fixar un coeficiente diferente para cada clase de vehículos.
- c) Os Concellos poden fixar un coeficiente diferente para cada un dos tramos fixados en cada clase de vehículos.
- d) O cadre de cotas fixado na Lei reguladora das Facendas locais non pode ser modificado pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

57.- Segundo o artigo 31 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta correcta:

- a) A base impoñible das contribucións especiais está constituída, como mínimo, polo 90 por cento do custo que a entidade local soporte pola realización das obras.
- b) A base impoñible das contribucións especiais está constituída, como mínimo, polo custo que a entidade local soporte pola realización das obras. c) A base impoñible das contribucións especiais está constituída, como máximo, polo 90 por cento do custo que a entidade local soporte pola realización das obras.
- d) A base impoñible das contribucións especiais está constituída, como máximo, polo custo que a entidade local soporte pola realización das obras.

58.- . Segundo o artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta correcta:

- a) O importe dos prezos públicos deberá cubrir en todo caso, como mínimo, o custo do servizo prestado.
- b) O importe dos prezos públicos deberá cubrir, como máximo, o custo do servizo prestado.
- c) O importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado, salvo que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que aconsellen fixar prezos por baixo do devandito límite.
- d) O importe dos prezos públicos deberá cubrir, como máximo, o custo do servizo prestado, salvo que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que aconsellen fixar prezos por encima do devandito límite.

59.- Segundo o artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sobre os inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente e que cumpran as condicións que se determinen regulamentariamente, os concellos poderán esixir:

- a) Unha recarga de ata o 75 por cento da cota líquida do IBI que se devindicará o 1 de xaneiro de cada ano.
- b) Unha recarga de ata o 75 por cento da cota líquida do IBI que se devindicará o 31 de decembro de cada ano.
- c) Unha recarga de ata o 50 por cento da cota líquida do IBI que se devindicará o 1 de xaneiro de cada ano.
- d) Unha recarga de ata o 50 por cento da cota líquida do IBI que se devindicará o 31 de decembro de cada ano.

60.- Segundo o artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non constitúe feito impoñible do Imposto sobre Actividades Económicas:

- a) A venda dos produtos que se reciben en pago de servizos profesionais.
- b) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento.
- c) A exposición de artigos para agasallo aos clientes.
- d) Cando se trate de venda polo miúdo a realización dun só acto ou operación illada

61.- Segundo o artigo 102 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta correcta:

- a) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras devindícase coa solicitude da licenza.
- b) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras devindícase no momento de iniciarse a obra.
- c) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras devindícase coa concesión da licenza.
- d) O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras devindícase no momento de finalizar a obra.

62.- Segundo o artigo 164 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinale a resposta correcta

- a) Os orzamentos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza maioritariamente a unha Entidade local forman parte do orzamento xeral da Entidade local.
- b) Os orzamentos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integralmente a unha Entidade local forman parte do orzamento xeral da Entidade local.
- c) As previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza maioritariamente a unha Entidade Local forman parte do orzamento xeral da Entidade Local.
- d) As previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integralmente a unha Entidade Local forman parte do orzamento xeral da Entidade Local.

63.- Segundo o artigo 105 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, están exentos do IVTNU os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia da constitución de...

- a) Usufrutos
- b) Servidumes
- c) Enfiteusis
- d) Dereitos de superficie

20 de xuño de 2019

**PREGUNTAS DE RESERVA:
PARA**

SUBESCALA

**SECRETARÍA-
INTERVENCIÓN**

**Preguntas
da 64 á 66**

20 de xuño de 2019

PREGUNTAS DE RESERVA PARA SUBESCALA DE SECRETARÍA INTERVENCIÓN:

64.- Suspenderase a tramitación do expediente se o reparo, posto de manifesto polo Interventor/a, afecta á disposición de gastos, nos seguintes casos:

- a) Omisión no expediente dos trámites esenciais.
- b) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras.
- c) Cando se base na insuficiencia de crédito.
- d) Todos os supostos enumerados determinan a suspensión da tramitación do expediente.

65.- Efectuado un reparo polo Interventor/a, se existise discrepancia polo órgano a que afecte o reparo, corresponderá ao Pleno resolvela:

- a) Cando o reparo se base en inadecuación de crédito.
- b) Cando o reparo se base na omisión, no expediente, de requisitos esenciais.
- c) Cando o reparo se base en non fiscalizarse os actos que desen orixe ás ordes de pago.
- d) En ningún caso corresponde ao Pleno resolver as discrepancias salvo que se delegou tal competencia polo alcalde.

66.- De acordo co previsto no art. 219 do Texto Refundido da LRHL, determinados actos non estarán suxeitos a previa fiscalización, aínda que entre eles non se atopa:

- a) Gastos de material non inventariable.
- b) Os contratos menores.
- c) Os contratos de carácter periódico, unha vez intervido o gasto correspondente ao período inicial.
- d) Todos os gastos menores de 3.005,06 euros.

20 de xuño de 2019

SECRETARÍA

CATEGORÍA DE ENTRADA

PREGUNTAS

da 67 á 96

20 de xuño de 2019

20 de xuño de 2019

67.-Cales das seguintes alteracións de termos municipais poderán ser promovidas pola mayoría dos veciños residentes nos territorios afectados pola alteración segundo o disposto no artigo 11 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais:

- a) Alteracións consistentes na segregación parcial de termos municipais.
- b) Alteracións consistentes na incorporación de un municipio a outro limítrofe.
- c) Alteracións consistentes na incorporación de máis de un municipio a outros limítrofes.
- d) Alteracións consistentes na fusión de dos ou más municipios limítrofes.

68.- O artigo 39 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público regula os órganos de representación dos funcionarios e sinala que os órganos específicos de representación deles son os Delegados de Persoal e as Xuntas de Persoal. A unha unidade de persoal de corenta e nove funcionarios, que representación lle corresponde:

- a) Tres delegados de persoal.
- b) Unha xunta de persoal de cinco representantes.
- c) Unha xunta de persoal de sete representantes.
- d) Unha xunta de persoal de nove representantes.

69.- Con carácter xeral, os procedementos administrativos, como se recolle nos artigos 54 e 84 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no ordenamento xurídico español:

- a) poden iniciarse de oficio ou a solicitude do interesado
- b) só se poden iniciar de oficio e nunca a solicitude do interesado
- c) só se poden iniciar a solicitude do interesado
- d) só se poden iniciar a solicitude do interesado cando a administración renuncie a inicialo pola imposibilidade material derivada de causas sobrevidas

70.- Cal das seguintes funcións non corresponde coas de tesourería e recadación conforme ao artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional:

- a) A elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento das obrigas de cada Entidade Local.
- b) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.
- c) Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos de este carácter.
- d) A xestión do rexistro contable de facturas e o seu seguimento para cumplir os obxectivos impostos polas leis de aplicación, emitindo os informes que a lei esixa.

71.- Segundo o artigo 389.2º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, está considerada infracción urbanística moi grave:

- a) O incumprimento das determinacións do planeamento que afecten a solo ordenado como sistemas xerais, zonas verdes, espazos libres públicos e viarios.
- b) O incumprimento das determinacións do planeamento que afecten a solo ordenado como sistemas xerais, zonas verdes, espazos libres públicos e viarios, e espazos naturais protexidos.
- c) O incumprimento das determinacións do planeamento que afecten a solo ordenado como zonas verdes, espazos libres, viarios, dotacións ou equipamentos públicos, e zonas de protección establecidas pola normativa sectorial.
- d) As respostas a) e b) son falsas

72.- Cal das seguintes determinacións non corresponde ao Plan Básico autonómico, conforme ao artigo 49 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia?:

- a) Determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.
- b) Clasificación do solo de todo o termo municipal en todos ou algúns dos distintos tipos e categorías establecidos na Lei.
- c) Identificación dos asentamentos de poboación existentes.
- d) Regulación dos usos do solo e da edificación.

73.- De acordo co artigo 46 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, están suxeitos a declaración responsable as seguintes actividades:

- a) A apertura de establecementos abertos ao público en que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas, con carácter xeral.
- b) A instalación de terrazas na vía pública, anexas ao establecemento.
- c) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias que requirán a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- d) A celebración de actividades deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da comunidade autónoma.

74.- En cal das seguintes materias exercen competencia propia os municipios, segundo o artigo 25.2 da Lei de Bases de Réxime Local:

- a) Comercio ambulante
- b) Realización de actividades complementarias en centros docentes
- c) Comunicación, autorización, inspección e sanción dos espectáculos públicos
- d) Promoción e xestión turística

75.- De acordo coa Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (artigo 178) son incompatibles coa condición de concelleiro:

- a) Os directores xerais ou asimilados de Caixas de Aforro Provinciais e Locais que actúen no termo municipal
- b) Os Directores de Servizos, funcionarios ou restante persoal en activo de calquera Administración
- c) Os abogados e procuradores que dirixan ou representen a partes en procedementos xudiciais ou administrativos en xeral
- d) Son correctas as respostas b e c

76.- Segundo o dispuesto no artigo 179 da LOREG, cuntos concelleiros se elixen nun termo municipal de 5.000 habitantes:

- a) Quince
- b) Once
- c) Trece
- d) Diecisiete

77.- Existirá responsabilidade patrimonial da administración, de conformidade co dispuesto no artigo 32 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) sempre que a lesión sexa só consecuencia dos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei
- b) sempre que a lesión sexa consecuencia só do funcionamento normal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei
- c) sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar de acordo coa lei
- d) sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos e sexa un caso de forza maior

78.- No caso dun procedemento de contratación con negociación, segundo o marcado polo artigo 169 da 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, se a administración decide limitar o número de empresas a negociar, está obrigada a:

- a)invitar como mínimo, a dúas empresas
- b) invitar como mínimo, a tres empresas
- c) invitar como mínimo, a catro empresas
- d) invitar como mínimo, a cinco empresas

